

desenrolo industrial; coa probeza máis fonda no seu campesiñado, obreiros fabriles e traballadores do mar, cun comercio pequeno sin posibilidades de xustas ganancias.

Namentras, os emporios económicos alleos espolian a economía galega beneficiándose co magro aforro do noso pobo e, o Estado Hespáñol, cas divisas que aportan os emigrados, polo canle da axuda familiar, que son levadas a servir necesidades de outras zonas peninsulares, en desmedro noso.

E, que, a un centralismo político e cultural, de longa data, destiñado a destruír as culturas nacionais dos pobos que integran Iberia engádese nestora as bases máis duras dun centralismo económico destiñado a afogar os intentos patrióticos de fortalecer a economía de Galicia a quen se lle quita a súa enerxía hídrica e os seus recursos do chan, deixando aos galegos o dereito de emigrar. A nosa estadística demográfica e dabondo ilustrativa.

Por eso hoxe a emigración, a que representamos, neste intre, como tamén representamos os homes libres do interior de Galicia, está por intermeio do **CONSELLO DE GALIZA**, dando a súa máis xenerosa solidariedade, espritoal i económica, os esgrevios adalís da Patria que, en duras condicións arriscan a cotío a súa liberdade, a tranquilidade familiar e o seu benestar económico, debendo moverse na máis estricta clandestinidade fronte ao aparato represivo estatal.


Embora toman os galegos emigrados, e desterrados de sempre, a responsabilidade de falar pola sufrida Galicia do silencio, aferollada, perseguida con saña, xa que non poden facelo precisamente os nosos hirmáns que viven nela. Nós facémolo ao amparo e disfruite dos bens da liberdade dende os diversos países en que atopamos unha maneira de vivir diña e conscentes da nosa responsabilidade nesta hora histórica.

Ninguén abatirá a Galicia e os seus fillos que en máis de un milenio de existencia como pobo, de diferente e diáfana personalidade, deron probas permaentes e afervoadas do seu amor pola liberdade.

Teñamos en conta, hirmáns do interior de Galicia, a heroica frase: "Vivire, non é necesario; loitar, sí".

**Consello de Galiza**  
Cumio Central

# Consello de Galiza



Manifiesto de solidariedade  
cos homes e mulleres  
que loitan na Terra

## Ao pobo de Galicia

Nestora decisiva, na que asoma o fin do réximen oprobioso que asoballa as liberdades esenciaes dos diversos pobos peninsulares, o **CONSELLO DE GALIZA**, Goberno Autónomo de Galicia no Exilio, dirixe un afervorado saúdo os valentes loitadores do interior da Terra, a nome dos millóns que viven na emigración, asegurándolles que a máis fonda solidariedade e simpatía os acompaña neste intre crucial en que viven e que os fai actores dunha das páxinas máis vibrantes das nosas loitas de redención.

*O desgaste do réximen espúrio, xurdido logo da nefanda guerra de invasión nazi-feixista, coa axuda de parte dos integrantes das forzas armadas hespañolas e das tribus rifeñas, e a trinta anos da súa instauración, fai que nos atopemos, aínda, sin solucións positivas os moitos problemas que enfrentaba Galicia a mediados do ano 1936 e sin a prena vixencia dos fundamentaes principios democráticos imperantes entre as nacións civilizadas do mundo.*

As liberdades conculcadas; o dereito de expresión censurado cerrilmente en forma que o suprime ou o desnaturaliza; as facilidades de organización de entidades libres suprimidas; o acceso as loitas cívicas impedido e as xustas eleitorales pechadas a vontade popular, configuran o cadro infamante dunha política negativa, estéril e fraudulenta, que chega, por fin, o seu término.

O réximen caduca, e crebado no cerne máis fondo do seu sistema, non pode sere reforzado por moito que o intenten os seus usufrutarios, pois todo o aparato estatal véñse desartellando en forma evidente; e somentes son paliativos o acudir a medidas que, como o "réximen de eisceición" imposto, non poderán esmagar os anxeios de liberdade do pobo.

Frente a situación imperante non queda outra alternativa que estreitar as filas, até un fin que non está lonzano, impondo como premisa fundamental a máis ferreña unión entre todos os combatentes antifranquistas por enriba dos diferentes pensamentos ideolóxicos que conforman a nosa pluralidade política, base eterna do quefacer convivente da democracia.

Por elo decimos que hoxe non pode haber outra doutrina, nin outra consiña, que o loitar sin pensar en arredar, cada un, militantes pra o grupo que políticamente o cobixa, e, sí facer, de cada home, e muller, galegos, un combatente encol da liberdade de Galicia, pra esperar o día da redención en que se poida debatir, en forma libre, o que a vontade do pobo elixa como partido e ideoloxía pra rexir unha Galicia liberada.

O CONSELLO DE GALIZA afirma que na hora dos pobos trinta anos e un breve intre. No calendario galego estos anos non foron de perda, pois serviron pra darnos unha verdadeira conciencia da nosa forza e da nosa vontade de ser libres, ao mesmo tempo que nos axudou a coñecer os nosos enemigos, da dentro e da fora; zunhos por encono e odio o noso pobo polos seus permañentes anxeios de liberdade; e, os outros, por asimilación, aprobando os procederes cruceles dos nosos verdugos. Naide poderá torcer o destiño que a Patria tén que marcaron a fogo nas nosas almas os nosos devanceiros patriotas que, en catrocentos anos de dura "doma", souperon do marteiro sin deixar, endexamáis, de manter soergueitas as bandeiras irrenunciabeles dos dereitos esenciaes de Galicia.

Fumos, somos, e seremos, un pobo de prenitade diferenciada, con unha persoalidade nacional de nítidos perfíles; pois o que a terra, a raza, e a historia fan, ninguén pode destruílo namentras eisista unha vontade suprema de pervivenza e un espírito forte e aguerrido pra servila e defendela. E nós somos dese temple.

Mal calcularon os vencedores do pobo galego se pensaron que endexamáis este tería a forza suficiente pra rebelarse. Eles creeron que ao aseñiar a mansalva a miles de galegos consentes, enchendo as congestras de sangue, e mandando o desterro a gloriosa xeneración de 1936, que logo de catro séculos concitaba a esperanza da chegada do intre da nosa liberdade autónómica, Galicia non podería erguerse a reclamar os seus dereitos. E velahí cos nosos mártires foron semente fecunda que os trinta anos agroma vigorosa cunha esperanza vidal de madurez que afirma e asegura a continuidade crásica da nosa gran forza política galeguista pra servir, con amore e desintrés, a Patria benamada. Non importa que hoxe a noite sexa máis oscura, pois é, entón, cando máis se adevirte a luminosidade das estrelas que anuncian o abrente do novo día.

E o abrente está prósimo. Unha e mil veces a postergación dos anxeios de benestar fai que Galicia deba loitar feramente e sin pausas. E, dentro dun réximen de estricta economía dirixida, Galicia sigue sendo a cincinta, a que sempre a levaron os rexímenes centralistas; e hoxe, a trinta anos da perda da súa liberdade, persisten as características de sempre, coa máis baixa renda nacional pros seus fillos; carecendo de escolas suficientes pra nenez; sin colexios técnicos superiores pras novas actividades necesarias a un desenrolo industrial i económico moderno; vendo decaer o número de alumnos da súa universidade pola probeza de recursos da mesma; sin vías de comunicación nin portos axeitados as novas necesidades do comercio e a navegación actual; sin posibilidades de